

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Planeamento e Xestión do Solo

Anuncio de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal na Solana, A Coruña (expediente 631/2017/37).

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 16.01.2020, acordou a aprobar definitivamente a “Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal. A Solana. Novembro 2018”, cos cambios introducidos no apartado 3 do documento denominado “Cumprimento do informe de 18.06.2019 da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar, na modificación puntual do PXOM da Coruña no ámbito de A Solana. Agosto 2019”, segundo o documento redactado pola Oficina técnica do Departamento de Planeamento e sen prexuízo de que con respecto ás formas de adquisición dos inmobles poderá efectuarse, ademais das previstas na memoria do documento, mediante o sistema legal de venda directa entre Administracións Públicas.

Contra o dito acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia do 04.03.2020, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O contido íntegro da modificación puntual aprobada, pódese consultar nas dependencias municipais de Urbanismo, no enderezo electrónico <https://www.coruna.gal/urbanismo> na epígrafe “planeamiento/planeamiento vigente”, ou ben, dende a mesma web, a través do “VISOR ESTADO DESARROLLO PGOM 2013”.

De conformidade co disposto polos artigos 82.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigos 199.3 e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do Regulamento da dita lei) e artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publícase a continuación as determinacións normativas da modificación aprobada, unha vez inscrita dita modificación puntual no Rexistro de Planeamento Urbanístico o 1 de abril de 2020.

A Coruña, 21 de maio de 2020

Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

PD. (Decreto 3829/19, do 17.6.2019)

Juan Manuel Díaz Villoslada

9. DETERMINACIÓNS NORMATIVAS DA MODIFICACIÓN.

9.1. DETERMINACIÓNS DE ORDENACIÓN.

A cualificación como Sistema Xeral de Espazos Libres da parcela, na categoría de parque deportivo “PD (Pb)”, supón que sobre esta resultarán de aplicación as condicións de ordenación reguladas no artigo 148. Ordenanza de Espazos Libres e Zonas Verdes Públicas, do PEPRI, no que se esixe a ordenación do ámbito mediante un estudo de detalle que haberá de ser informado pola administración competente en materia de protección do Patrimonio.

Calquera actuación no antedito ámbito así como no cualificado como sistema local viario, precisárase informe da administración de Patrimonio no que se avaliará a posíbel afección ao elemento defensivo catalogado, á Cidade Vella e ao seu perfil, así como á súa relación co mar.

A implantación de infraestruturas, equipamentos e aparcadoiros de titularidade pública soterrados no ámbito de actuación, requirirán actuacións arqueolóxicas previas e estarán condicionados ao resultado destas. Para o caso de que non resulten admisíbeis, non resultarán indemnizábeis.

A urbanización do vial público proxectado entre o parque deportivo da Solana e as murallas da cidade, farase tendo en conta medidas que garantan un espazo público seguro e de calidade: ver e ser vista; ouvir e ser ouvida; poder escapar e pedir axuda, nun eido ordenado (principios “Safer Cities” da ONU). Teranse tamén en conta criterios de luminosidade mínima, que permita o recoñecemento das facianas a poucos metros.

9.2. SISTEMA DE OBTENCIÓN DOS TERREOS.

De conformidade co previsto no artigo 107.4 do RLSG, compre indicar o sistema de obtención dos terreos de titularidade privada que deben pasar a titularidade pública, e conforme ao disposto no seu apartado 5 óptase por obtelos mediante expropiación forzosa, establecéndose como sistema de obtención o de expropiación, sen prexuízo de que se poida finalizar por mutuo acordo ou convenio entre a administración e o propietario expropiado, tal e como se recolle nos artigos 129.1. da LSG e 315.1. do RLSG, onde se regulan os métodos de obtención dos sistemas xerais en solo urbano consolidado. E sen prexuízo, en todo caso, da cesión gratuita dos terreos ao Concello pola Autoridade Portuaria ao abeiro dos artigos 44 e 45 do RDL 2/2011, de 5 de setembro, de Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, en tanto en canto acredítase a finalidade de utilidade pública ou interese social.

2020/2890